

RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚEN MEMBROS DA COMISIÓN DE SELECCIÓN

Feitos

Con data do 12 de marzo de 2024, a presidenta da comisión de selección da praza 24/1002 de profesor/a substituto/a (convocada por Resolución reitoral do 15 de febreiro de 2024), Adriana Ivette Ávila Álvarez, comunica que incorre con algún candidato en conflitos de interese dos establecidos no Real decreto 678/2023, de 18 xullo, polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso a prazas de ditos corpos.

Ademais a presidenta comunica que os seguintes membros da comisión tamén incorren con algún candidato en conflitos de interese dos establecidos no mencionado Real Decreto:

Rivas Quarneti, Natalia Yanaína	vogal 1ª titular
Viana Moldes, Inés	vogal 2ª suplente
Talavera Valverde, Miguel Ángel	representante dos traballadores

Consideracións legais e técnicas

Os apartados 6.4 e 6.5 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado (aprobada polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2014), establecen o procedemento para a substitución dos membros das comisións de selección que, por causa xustificada e así apreciada polo reitor, non poidan actuar como membros da comisión.

No presente caso as causas alegadas xustifican a substitución dos citados membros da comisión de selección.

Esta reitoría é competente para resolver segundo o artigo 36 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio, (DOG do 26).

De acordo con todo o que foi indicado, dispón a substitución dos seguintes membros da comisión de selección da praza 24/1002:

Presidente: substitución de Adriana Ivette Ávila Álvarez por Iván de Rosende Celeiro, vicedecano do centro da praza.

Vogal 1ª titular: substitución de Natalia Yanaína Rivas Quarneti por Laura Nieto Riveiro, que era a vogal 1ª suplente.

Vogal 2ª titular: substitución de Iván De Rosende Celeiro, que pasa a ser o presidente da comisión por María Betania Groba González, que era a vogal 3ª suplente, xa que a vogal 2ª suplente, Inés Viana Moldes, está en situación de conflito de intereses.

Representante dos traballadores: substitución de Miguel Ángel Talavera Valverde por Susana Sangiao Alvarellos, proposta polo presidente do comité de empresa.

A Coruña, na data da sinatura electrónica
Por delegación do reitor (R.R. 16/01/2024)
A vicerreitora de Profesorado
María Teresa López Fernández

Código Seguro De Verificación	2Re2IYvTYs5+acTtMTK0xA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	14/03/2024 10:15:57
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/2Re2IYvTYs5+acTtMTK0xA=		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

